


Texto: **MARTA FARIAS**
Ilustracións: **AITANA CARRASCO**
Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21x26,5 cm.
40 páxinas a toda cor
Dispoñible en:

- Galego: "A viaxe do bisavó"
MareMar. ISBN 978-84-8464-665-5
- Castelán: "El viaje del bisabuelo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-85-7

Prezo: 14 €

A VIAXE DO BISAVÓ



O avó da miña nai, é dicir, o meu bisavó, foi un gran xefe indio. Era baixiño, tiña a pel de cor marrón e os ollos en forma de améndoa. Pero o bisavó non levaba plumas, gastaba chapeu e caxato. Era un home moi elegante. O bisavó sempre quixo cruzar o mar e ver o que había do outro lado do océano...

Historia tenra e poética, mesmo cunha chiscadela de romanticismo, na que Marta Farias nos fala dunha viaxe que, en realidade, son varias: unha viaxe frustrada, unha viaxe realizada e, no fondo, unha viaxe polas raíces da xenealoxía dunha familia.

O avó da protagonista sempre soñara con cruzar o mar para coñecer os lugares e a xente que vivía ao outro lado. Nunca se presentaba a ocasión para emprender a ansiada aventura: os caprichos do vento, un temporal pasaxeiro e outros inconvintes adiaban a viaxe. O máis importante deses aprazamentos foi o nacemento da súa filla. Co paso do tempo deixou de sentirse un mozo intrépido para afrontar a travesía...

O océano xoga un papel moi destacado nesta obra, como eixe sobre o que xira a vida dos membros desta familia: para uns como fronteira e ilusión, para outros como herdanza emocional e ponte cara a novas oportunidades...

Cruzar o "charco" dá pé logo a sentimentos como a saudade e a morriña do fogar e dos seres queridos. O vento que lle traía ao bisavó os arrecendos e as cores do que había ao outro lado do horizonte, era tamén o que co tempo lle levaría á súa neta os ecos do seu país de orixe.

Unha historia sobre a mestizaxe, as lembranzas, as ilusións e os soños, cumpridos e incumplidos. Unha viaxe de ida... e volta.



En canto á proposta visual, chea de cores vivas e alegres, Aitana Carrasco combina acrílicos, acuarelas, lápices, transferencias de gravados antigos e barnices cos que logra un ambiente onírico. A horizontalidade das ilustracións reforza o paso do tempo e abundan os elementos simbólicos: barcos, cometas, animais... A introdución de cadros e fiestras suxire unha sorte de metahistorias que enriquecen a obra, na que a figura da bisavoa non queda ausente.

MARTA FARIAS (Madrid, 1967)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense, na especialidade de Restauración, actividade á que dedica actualmente o seu exercicio profesional. Tamén traballa ocasionalmente como ilustradora, mestra de Educación Primaria, responsable da biblioteca infantil e de actividades de animación á lectura en Villaviciosa de Odón.

AITANA CARRASCO (Valencia, 1978)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Valencia. Polo seu primeiro álbum ilustrado obtivo o IX Premio Internacional 'A la orilla del viento'. Dende entón dedicase á ilustración de libros infantís. Colaborou con diversas editoriais e revistas. A súa obra tense exposto na Feira Leer León, no Museo Valenciano da Ilustración e da Modernidade, e na Feira do Libro de Valencia. Foi seleccionada pola Oepli para expoñer na Bienal de Bratislava 2007.

- **Temática:** viaxes, emigración, familia, culturas...
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aplicacións:** construír a árbore xenealóxica; parecidos entre persoas da mesma familia; coñecer o concepto de emigración e inmigración, as causas, países cos que existen lazos históricos por este motivo (Latinoamérica); as diferentes culturas que hai no mundo e o fenómeno da mestizaxe